

# Cidades rebeldes: unha conversa cos alcaldes da Coruña e de Compostela

■ **Antón Fernández de Rota e Marcelo Martínez Hermida<sup>1</sup>**

*moderación da conversación e edición do texto*

*Universitat de Barcelona e Universidade de Santiago de Compostela (Estado español)*



Xulio Ferreiro e Martiño Noriega, no Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela (A Coruña, Galicia).  
Fotos: Luís Ogando

**A** RICD foi convidada o pasado 11 de abril de 2016 ao despacho da alcaldía no Pazo de Raxoi para conversar cos alcaldes da Coruña, Xulio Ferreiro, e de Compostela, Martiño Noriega, representantes políticos da onda “rebelde” que irrompeu no panorama da democracia española após do 15-M. As candidaturas cidadás da Marea Atlántica na Coruña e de Compostela Aberta na capital galega chegaron aos gobernos locais tralas eleccións municipais do 24 de maio do 2015. En ambos os dous casos, fixérono co compromiso de xirar cento oitenta graos respecto das “políticas da austeridade”. No encontro cos alcaldes deu tempo para falar de moitas claves das que editamos aquí as máis relevantes en varios apartados: o marco da austeridade e o ataque á auto-

nomía municipal, a democracia participativa e as relacións cos movementos sociais, a imaxe política e a comunicación e a recente crise dos refuxiados. Nesta Conversa descendemos á contenda local.

## **O MUNICIPALISMO NO MARCO DA AUSTERIDADE E O ATAQUE Á AUTONOMÍA MUNICIPAL**

A autonomía municipal no Estado español vén lastrada por unha longa historia de escaseza orzamentaria. No 1978, ao inicio do período democrático, o gasto dos municipios non representaba máis que o 11% do gasto público total. Tres décadas despois, na antelada da crise económica, esta porcentaxe tan

<sup>1</sup> Agradecemos a Ramón Grosfoguel, da Universidade de Berkeley, e a Belén Fernández, da Universidade da Coruña, a súa intervención e formulación de preguntas na Conversa cos alcaldes. Do mesmo xeito, a Luís Ogando, responsable da gravación en vídeo, e a Laura Ramos, responsable da transcripción do diálogo. Na [canle de Youtube da RICD](#) pódense ver varios fragmentos da conversa.

só aumentou 3 puntos porcentuais. Preguntámoslles aos alcaldes polas limitacións que se atoparon para tentar mudar, con políticas sociais, a austeridade; tendo en conta a realidade institucional tralos retallos que houbo durante a crise, en cuestión de competencias e de autonomía municipal.

**— Cales foron os límites que atoparon para levar adiante aquelas políticas que vostedes prometeran nos seus programas?**

**Xulio Ferreiro (XF):** os programas de Marea Atlántica e Compostela Aberta son entre ambiciosos e realistas, mais somos conscientes das limitacións institucionais, das chamadas ‘leis Montero’, do retallo da autonomía municipal. As “cidades rebeldes” estamos na complicada situación de ter sido a primeira fronte do cambio político. Situámonos na primeira liña cunha grande dose de esperanza e de ilusión, pero tamén coa responsabilidade de non defraudar as expectativas. Estas son as cuestións principais: como xestionar a ilusión; como facemos que esa ilusión non se converta en decepción; como podemos seguir alimentando desde os concellos a onda de cambio político.

Temos un marco institucional que dificulta facer políticas transformadoras. As leis, a de facenda local, por exemplo, están deseñadas para forzarnos a nos resignar a unhas políticas de corte neoliberal. Resaltaría un par de elementos que eran importantes no noso programa, que o seguen sendo agora, e que nos esixen ser imaxinativos e fiar fino. En primeiro lugar, a contratación pública, é dicir, como deseñar mecanismos de contratación que primen elementos diferentes aos do prezo. Na Coruña acabamos de poñer en funcionamento a instrución de cláusula social. Cando o único criterio é o prezo, a oferta máis baixa, a calidade deixa de importar, como tampouco contan outras cuestións medioambientais, sociais, de cohesión, laborais.

Un segundo punto: a municipalización dos servizos. Unha e outra vez atopámonos con eses gardiáns da legalidade municipal, que evidentemente fan o seu traballo, pero que están sometidos ás restricións das leis neoliberais. Existen xeitos de mudar as cousas, posibilidades que requiren valentía á hora de propoñer mecanismos xurídicos e institucio-

nais que permitan a remunicipalización do que foi privatizado, pero que requiren tamén de moitos esforzos.

No concello da Coruña estamos sometidos a iso que chaman o Plan de Axuste, solicitado polo goberno anterior, e que impide durante a súa duración crear empresas municipais, adherirse a fundacións, crear consorcios, xerar instrumentos para poder facer políticas municipais doutro xeito, para municipalizar servizos, para estender cobertura e dereitos aos cidadáns.

Por un Real Decreto aos gobernos locais que cumprían determinados requisitos no ano 2013 permitíaseles saír do Plan de Axuste. O concello non os cumpriu no ano 2013, daquela gobernaba o PP, senón unha vez pasado o primeiro ano da nosa lexislatura. Conseguimos acabar en positivo, eliminar débeda, débeda que está refinanciada en moitas mellores condicións; cumprimos todas as condicións, pero como non se fixo no 2013 senón no 2015, xa é imposible saír dese Plan de Axuste e así poder, por exemplo, comezar a pensar como organizar a xestión de residuos urbanos desde un punto de vista público, cando rematen as concesións vixentes, ou formar parte dunha fundación que creou a Universidade da Coruña para desenvolver centros tecnolóxicos, onde a achega de capital que se nos pedía ao concello non era máis que 3.000 euros.

**Martíño Noriega (MN):** no meu caso viña dunha experiencia institucional previa na alcaldía do concello de Teo, no cinto de Santiago. Lembro unha conversa coa xente da Marea Atlántica cando eu xa decidira non continuar en Teo. O que lles viña a dicir e que me apiadaba deles á hora de iniciar a aventura municipal, porque era consciente de que a partida a xogar tiña as cartas marcadas. No caso da administración local as reformas foron empregadas como unha coartada para eliminar os espazos de liberdade do ámbito democrático máis próximo, doutro modo non se poden comprender as agresións que sufriu a administración local durante a crise. O volume de endebedamento do Estado supera ao 100% do PIB e dese volume de endebedamento, a administración local só aporta un 3,5%. E sufriu a maior intervención que se coñece dentro do corpo das administracións.

**“A administración local durante a crise sufriu a maior intervención que se coñece dentro das administracións. Por que? Porque os espazos de liberdade estaban no local”**

*Martíño Noriega*



Martiño Noriega, alcalde de Santiago de Compostela

Por que? Porque os espazos de liberdade estaban no local, e o negocio tamén. Como na crise non fixeron ningún tipo de reflexión crítica, decidiron que había que ocupar eses espazos. Estámolo a pagar en todo. Temos que ir sempre ao límite, máis para candidaturas como as nosas, que son candidaturas cidadás, candidaturas baseadas na ilusión, no cambio.

Eu lembro a primeira xuntanza co novo grupo de goberno antes da toma de posesión. Dixen unha frase que a día de hoxe lémbreamos: “imos a defraudar expectativas”. Por que? Porque unha cousa é o que nós levamos no programa, que é moi axustado á realidade, non fixemos falsas promesas, e outra cousa é a expectativa que xeras na cidadanía, que é tremendamente transformadora, mais os corsés legais son restritivos. Tes que facer pedagogía e explicar o que está acontecendo. O corpo funcional ten baixas, e o goberno municipal ten limitacións impostas dende arriba; a xente non entende que tan só poidas ir substituíndo con contratos temporais. Pasa co corpo de bombeiros, que envelleceu o persoal e diminuíu, pasa en Servizos Sociais. Hai un problema: o ataque do goberno central á autonomía local. Eu díxenlles: “imos defraudar as expectativas pero temos que fialo todo a unha lexislatura, a un proceso de cambio e de pelexa”.

**— Pero é posible xogar con estas leis para darlle un xiro ás políticas?**

**XF:** hai que aproveitar as propias contradicións, por exemplo á hora de determinar

o modelo de xestión dun servizo. O que di a lei é que debes procurar o modelo economicamente máis eficiente, e isto consiste en encomendarlle a xestión a unha empresa.

Mais, se apostas por un modelo público estás aforrando o beneficio industrial e o IVE, o cal supón case un 30% de aforro. Por que non empregar o propio mecanismo legal para xustificar a xestión pública en determinados casos? Temos bibliotecas municipais de xestión pública e outras privatizadas polas que estamos a pagar ese sobrecusto do 30%. Pódeselle dar a volta ao argumento e asumindo o economicismo neoliberal, dicir: “remunicipalizamos o servizo para poder xestionalo do xeito máis eficiente”.

**MN:** en Santiago estamos nunha situación un pouco máis amable que na Coruña, pois non temos enriba o Plan de Axuste. A maiores, existe unha importante estrutura institucional no relativo ó turismo (Tussa, Incolsa), incluso no que toca á actividade de estacionamento e mobilidade. Atopamámonos tamén con que o Auditorio Municipal é como un concello dentro dun concello para programación cultural, e todo iso facilita a tarefa da recuperación ou remunicipalización dos servizos. Agora estamos tentando facelo coa ORA e o guindastre. O concello de Santiago pagáballe 8.000 euros mensuais por prestar o servizo, que xa de por si daba beneficios á empresa. Por que non prestar nós eses servizos? Hai unha marxe de actuación pero tamén problemas, sobre todo en materia de persoal. Como contratas ó persoal? Non lle podes dar garantía de

**“Temos un marco institucional que dificulta facer políticas transformadoras”**

*Xulio Ferreiro*

estabilidade, dada a taxa de reposición. É un problema grave. Alén disto, é certo que podemos gañar pequenas batallas pero a guerra gáñase cambiando o marco que condiciona ás administracións locais. O marco está feito a propósito para a derrota da administración local. A reforma da Administración Local hai que freala, sobre todo porque non se basea, en verdade, en cuestións económicas. Por outra banda, existen outra serie de limitacións. Está a cuestión da cantidade de enerxías que estamos obrigados a gastar no día a día co resto das forzas políticas á hora de viabilizar políticas, que son en beneficio da cidadanía, pero que as veces son paralizadas por intereses partidistas.

**XF:** é certo que hai polémicas, discusións, desgastes que quitan enerxías, pero creo que temos que tentar ter algo así como un “exército” en dúas divisións. A división que vai estar pelexando as batallas máis visibles, mediáticas, non sempre moi agradables, e pouco relevantes para a cidadanía. E que iso permita que a outra parte estea producindo, tirando cousas adiante e ofrecendo solucións políticas. Temos que poñer en funcionamento a Renda Social Municipal; temos que facelo xa<sup>2</sup>. O noso deber é tensionar a situación, no sentido de dicirle á oposición: “estas son as solucións que temos para a cidadanía, isto é o que vai solucionar os problemas da xente, e vós tendes que dicir se o apoiades ou non”.

## **DEMOCRACIA PARTICIPATIVA E A SÚA RELACIÓN COS MOVEMENTOS SOCIAIS**

*Trala posta en valor entre 1989 e 1990 do sistema de presupostos participativos na cidade brasileira de Porto Alegre, gobernada daquela polo Partido dos Traballadores, os mecanismos de participación directa da cidadanía respecto do gasto municipal rematou por estenderse, con deseños e alcances*

*diversos, ao longo do planeta. Na actualidade fan parte do equipamento institucional de máis de mil gobernos locais. Compostela Aberta e Marea Atlántica presentáronse ás eleccións cun programa de “emerxencia social”. Un punto fundamental nos seus programas tiña que ver coa participación cidadá. Ambos gobernos locais traballan nun programa piloto de presupostos participativos dotados cun millón de euros na Coruña, e 1,1 millóns en Compostela.*

### **— Como funciona a participación cidadá e que relación ten o autogoberno cos movementos sociais?**

**XF:** ten que ver con varias cousas. Primeiro, coa nosa configuración como candidaturas cidadás, candidaturas eu non diría xurdidas nos movementos sociais exactamente. Había xente que viña dos movementos sociais e outra xente que eran cidadáns e incluso despolitizados, ou doutros ámbitos, ou da cultura política máis clásica. Nestes días hai na Coruña un debate vivo ao fío da representación e da participación. O outro día un compañeiro falaba nun debate de desordenar o campo da representación e isto provoca un debate na Coruña sobre que significa isto. Isto significa complexizar a democracia, establecer canles que ata de agora sempre pasaban polos partidos políticos. É dicir, non había relación entre a institución e a cidadanía se non pasaba polo partido político. Canta xente nova, ou non tan nova, se acerca aos partidos políticos da súa cidade para que estes sirvan de vehículos das súas inquedanzas e das súas ansias de participación? Nada, cero. É dicir, o feito de que nós esteamos aquí é sintomático, porque a xente non confía xa nos partidos políticos, como non confía noutras institucións, ou confía pouco, ou confía depende.

Doutra parte, esas vías de participación costan diñeiro se queremos facer participación de calidade. Necesitamos facilitación, necesitamos recursos, necesitamos espazo, necesitamos tempo, material... e iso custa diñeiro. E o primeiro que nos atopamos é o machadazo enorme aos orzamentos en materia de participación. Nós agora, en canto acabemos cos orzamentos deste ano, empezaremos cos do ano que ven e tentaremos facer un proceso participativo aí. Claro, iso require tempo, require diñeiro

<sup>2</sup> A Renda Social Municipal foi aprobada na Coruña o 13 de xuño de 2016, co apoio do PSOE e a abstención de PP e BNG. Da renda poderán beneficiarse unhas 1.000 familias, con importes que van dende os 532 euros.

e require esforzo. E digamos que o primeiro elemento contrario a ese tipo de procesos témolo cando se nos di nos orzamentos “a participación non necesita diñeiro” e, por tanto, non se poden desenvolver políticas de participación que non sexan máis que convocar ás asociacións de veciños existentes e ter interlocución con elas. Pero, e toda esa xente que está ao marxe dese sistema representativo, digamos, institucional. Non ten opinión? Como sabemos que opina? Como podemos facer que se achegue? Como podemos inculcar calidade democrática aí?.

**MN:** teño a sensación de sentirme ese boxeador que encaixa permanentemente. A preocupación das candidaturas cidadás ten que ser como a dun boxeador que saiba encaixar, protexer os órganos vitais e estar preparado para gañar o combate en dous ou en tres golpes. Esa é a metáfora na que xogamos permanentemente. E nese combate non é menor a participación do tecido cidadá ou da rede. Nós agora imos uns meses por diante porque, por avatares, aprobamos os orzamentos antes. Estamos xa lanzando o proceso do ano que ven con orzamentos participativos, dividindo a cidade en distritos, implicando á xente á hora de tomar decisións sobre os graos de inversión. E iso agardamos que nos blinde tamén no proceso este de desgaste das resistencias das maiorías, que ás veces son maiorías artificiais porque... creo que era en “Borgen”, na serie, que o goberno queda en minoría e a presidenta acaba dicindo “eu estou en minoría pero non hai unha maioría alternativa”. É unha cuestión a valorar e tamén, é unha cuestión á hora de cambiar a cosmovisión da administración local, porque a administración local é moi presidencialista. O alcalde ten moitas competencias. Poñamos esas competencias a disposición da xente. E isto aprendino directamente de Xosé Manuel Beiras. Díxome: “Os concellos converten aos alcaldes en monarcas. Exerce a favor do pobo”. A xente non pode estar ao albor de xogos partidarios tristes. É dicir, non é o momento do triste. En Santiago son 18.000 persoas en risco de exclusión. É dicir, estamos a bloquear este tipo de cuestións? Entón, si que estamos obrigados a buscar a participación, a tecer rede, a implicar a cidadanía. Por que? Señores, porque chegamos aquí para gobernar e para transformar, e se non nos deixan, evidentemente, constitúan un goberno alternativo. O bloqueo polo bloqueo non é válido desde un punto de vista de maioría social. Podemos buscar acordos, podemos chegar a pactos, pero non imos bloquear cuestións básicas.



Martiño Noriega

**XF:** nós o que estamos obrigados é a lanzar medidas, programas, proxectos e despois dicir “bueno, agora explique vostede por que se sitúa dun lado ou doutro”. Se o único argumento que ten para situarse do outro lado é “es que me dan pocos mimos, es que no me deixaron participar, es que habló conmigo tres días antes en vez de tres días despois, es que no voy a sacar ningún rendimiento de esto”. Se todo isto é o único argumento que vas poñer enriba da mesa, ao final a xente non é parva. E na Coruña pois é perigoso que calle esa mensaxe de bloqueo de “non podemos facer nada porque non nos deixan”. Eu intento escapar dese discurso porque creo que non é positivo e cando falo coa xente dígolle “bueno, a vostedes non lles interesan os meus problemas, o que lles interesa é que podo facer eu para mellorar e cambiar as cousas”. Pero é certo que ao final a xente ve o que hai e por moito que se tente simular, por moito que se tente maquillar por parte dalgúns, non é a realidade que ten.

#### — Volvendo ao tema dos movementos sociais ...

**XF:** eu creo que os movementos sociais teñen a súa axenda. Nós tentamos ter interlocución máxima con todo o mundo. Interlocución hai que ter, e nós construímos o noso programa electoral en base a demandas clásicas dos movementos sociais. Creo que cada un ten a súa función. Nós sempre temos a man tendida para falar, para chegar a acordos. Pero ninguén pode pedir adhesións inquebrantables, e a xente que está nos movementos sociais así o trasladan. Non teñen por que entender as nosas limitacións como administración pública. “Eu teño a obriga de pedir o imposible e non ter paciencia”,

e seguramente sexa así, non?

O tema do parque de Bens, como exemplo de movemento social, por así dicilo, que xurde para un asunto concreto, transversal, que non atopa resposta nos partidos políticos e que, de repente, é un dos elementos que inclina unha campaña electoral. E á primeira persoa que recibo no concello da Coruña é precisamente esta plataforma que o que quería é salvar un parque. Pois eses son os momentos alegres nos que dis “pagou a pena todo isto, porque esta é a xente coa que te comprometiches nas eleccións”. Pero, ao día seguinte hai que seguir con outras cousas: a reivindicación dos colectivos animalistas... Eu creo que os movementos sociais en si mesmos, e por propia idiosincrasia, están permanentemente insatisfeitos. E seguramente teña que ser así.

**MN:** eu creo que o rol dos movementos sociais ten que ser un rol independente dos ritmos institucionais, que ten unha razón de ser e hai que blindar esa independencia. De todas maneiras, se estamos nós na institución é para levar á praza a institución e, dalgunha maneira, establecer vasos comunicantes. Eu creo que iso tentámolo, con maior ou menor éxito, pero tentámolo. Todos os desafuzamentos dos cales tivemos constancia, freámoslos. E como os freamos? Utilizando a presión da institución directamente coas institucións bancarias: se operades con este desafuzamento, o Concello de Santiago deixará de traballar convosco. Non necesitamos declaracións institucionais, facémolo directamente. E hai vontade de non buscar esa conflictividade por parte das entidades bancarias.

Son colectivos sistematicamente agredidos. Polo tanto, dalgunha maneira, actúan sempre á defensiva. E tamén hai que entendela así. E non porque haxa xente próxima a eles nas institucións vai cambiar o estado das cousas, porque son moitos os paos que recibiron. E iso establece virtudes pero tamén problemas á hora de funcionar en parámetros, xa non de paciencia, senón tamén de confianza e de expectativas. E aí ás veces é máis complicado, e aí doe máis, e aí ás veces dis “lanzáronnos ás institucións, pero a tropa non nos acompaña en determinadas batallas”.

— **Doutras experiencias municipais, que**

### **modelos participativos, tamén nos orzamentos, puideran ser inspiradores?**

**XF:** creo que cada un temos que atopar o seu propio modelo. Sen ir máis lonxe, en Portugal hai un montón de concellos que están agora co tema dos orzamentos participativos. Eu creo que o temos un pouco no ADN tamén como partido en movemento. A participación baseada no traballo, a participación de calidade e polo tanto non é xuntarse nunha asemblea a escoitar e votar, senón que as decisións se toman a través de relacións de confianza en grupo que presentan un traballo, que despois renden contas. Chegamos ao concello e creamos a Con-

cellaría de Participación e Innovación Democrática. Eu creo que tamén é unha declaración de intención e tentamos dotala de contido e orzamento. Lanzamos o primeiro proceso participativo a porta aberta para empezar a decidir o tema dos distritos, para que queremos eses distritos, cantos queremos, como,

que hai detrás... Temos procesos participativos coa xente moza para deseñar políticas a nivel de mocidade, espazos urbanos,... estamos agora coa plataforma “Decide Coruña”. Tamén cos orzamentos participativos, temos a campaña preparada, o que pasa é que non queremos lanzala antes de rematar o 2016 para non crear máis confusión da que xa hai na cidade. Combinando os canais máis tradicionais cos canais máis innovadores. Isto implica antídoto contra a corrupción? Creo que a transparencia axuda bastante. Se certas decisións se tivesen tomado de xeito participativo no pasado podíamos ter evitado...? Por un lado, si. E falo por exemplo dos plans urbanísticos. Se houbese discusións reais sobre o desenvolvemento urbanístico da cidade, sobre como queremos medrar, para que queremos o territorio, discutir o territorio entre todos... Coa participación tamén hai que ter coidado de que non provoque resultados contraproducentes no medio e longo prazo. A participación ten que ser informada, para que realmente teña ese rendemento democrático que ten que ter. Na medida en que crees ferramentas de participación, de canais de comunicación, iso non ten volta atrás. Un exemplo de agora é o do “Dillo ti”, estes encontros que facemos o goberno municipal nos barrios coa xente. Vamos ir todos os meses a un barrio e organizar un

**“O rol dos movementos sociais ten que ser independente dos ritmos institucionais”**

*Martiño Noriega*



Xulio Ferreiro durante o encontro celebrado a iniciativa da RICD

acto e falar coa xente. Pois iso crea unha polémica porque hai quen se sinte agredido porque o goberno municipal fale directamente cos seus veciños e veciñas. Eu a verdade é que aínda non dou crédito, pero séntense agredidos porque funciona e porque ven que á xente lle gusta e, claro, ese é o problema. A xente ten que interiorizar iso como un dereito. Nós non imos aí a facer propaganda. Vas a expoñerte. Que cando volvas por aí, dinche “oe, eu hai catro anos que dixen isto e isto aínda está así”. Creo que hai que ir creando esa cultura democrática.

**MN:** Podemos falar de moitas fórmulas. En Brasil co PT hai anos púxose en marcha o modelo, distritos, fondos públicos regulamentados... É unha vía de participación. É única? Non, hai moitas máis vías de participación. É unha vía que pode ser irreversible? Si, se se establece e a xente acaba vendo dalgunha maneira regulamentada a capacidade de decisión á hora de priorizar a obra pública e determinadas actuacións. Empezáramos o ano pasado cun piloto en mocidade, pero a maiores hai outros campos para a participación. Nós cada semana, en dúas ocasións imos aos barrios a reunirmos coas asociacións de veciños e coa xente que forma parte do tecido asociativo que, dalgunha maneira, trasladounos unha auditoría interna das necesidades estruturais do concello en

**“Nós estamos aquí porque a xente non confía nos partidos políticos”**

*Xulio Ferreiro*

dosieres elaborados que fan parte das demandas de moitos anos e que directamente che din “é vostede o quinto alcalde que pasa en catro anos, esperamos que lle faga caso a algunha destas reivindicacións”. E ao final reúneste con todos os xefes de servizo, colles os dossiers que enchen unha mesa enorme, polos enriba e dis “xa temos a auditoría da cidade feita, fotografada, sustanciada, está aquí”. E logo tamén ao través dos mecanismos que se poñen en participación non só nas redes senón tamén nos propios movementos cidadáns, con moitísima xente que debate, que fai propostas de servizos sociais... Son tamén canles de participación, porque cando te escollen tamén te escollen dalgunha maneira para priorizar. É dicir, “que imos facer? O que decida a xente”. Non. Ao mellor a xente decide recuperar unha tourada na praza do Obradoiro, e non estamos aquí para iso. Tamén temos unha responsabilidade. O goberno non é todo o que decida á xente en calquer momento. Ti presentácheste cun programa e marcas un pouco os campos de xogo. Tes que ser inclusivo, e tes unha responsabilidade á hora de tomar decisións. Que iso mellora o que é a xestión do ben común? Si. Que iso é un antídoto para a corrupción? Polo menos é transparente. Entón, nese sentido, é un garante para xerar eses mecanismos de defensa, pero sobre todo hai que buscar un

gra de corresponsabilidade. “É que o alcalde non quere tapar todas as fochas que hai na cidade, acondicionar todos os espazos públicos...”. Pois mira, é que temos este orzamento e este ano e o que podemos facer. Hai que priorizar. Tócanos a nós decidir. Entón, eu creo que aí a participación é importante, que dalgunha maneira tamén che permite establecer modelos alternativos.

## IMAXE POLÍTICA E COMUNICACIÓN

*Parte do éxito electoral colleitado nas eleccións do 2015 débese a súa innovación en materia de comunicación. Non só no uso intensivo das redes sociais, senón ao feito de organizarse como unha rede e como partido-movemento capaz de distribuír rapidamente e de maneira viral as mensaxes, con grande alcance á marxe dos medios tradicionais. Neste apartado, pedímoslles aos entrevistados que analicen o contexto comunicativo presente.*

**XF:** cando a Marea Atlántica se presenta ás eleccións na Coruña hai unha parte da prensa que a recibe con manifesta hostilidade. Cualificósenos de comunistas, bolivarianos, *perroflautas*, antisistema,... sen ningún elemento de contraste para soste todas estas afirmacións e, non obstante, hai outra parte da prensa que te acolle con esperanza. A que te acolleu con desprezo é a que, en teoría, era máis influínte e a que validaba os candidatos a alcaldía. Non se chegaba á alcaldía sen ter o apoio dese sector. E aquí estamos, tendo a alcaldía da Coruña cun sector da prensa en contra. Mentres outro sector che di ‘vexo que sodes xente normal, honesta, que tendes boas intencións, e até o de agora todos os gobernantes do Concello cos que tratei eran unha banda de delincuentes e vós non’. Isto son palabras textuais. ‘Imos darvos unha oportunidade’, din. E por que ocorre isto? Non tanto por que a prensa se posicione a favor ou en contra, pero despois vemos unha oportunidade de rachar o monopolio da capacidade de influencia na opinión pública. E iso facémolo, basicamente, ao través das redes sociais. E porque nunha cidade funciona tamén o boca a boca. Hai outros elementos de proximidade, pero as redes sociais son impactantes. Hai unha perda da hexemonía á hora de crear opinión pública e iso temos que aproveitalo. É certo que a

prensa segue marcando a axenda: ‘El cuarto poder’, non o cuarto poder como control ou balance fronte a outros poderes, senón directamente a marcar a axenda e a ser un actor de poder, e isto na Coruña era evidente. Ti es un intruso dentro dese círculo de oligarquía e de poder na cidade. Iso provoca reaccións. Eu creo que non se pode estar así catro anos, porque despois existe o contraste entre o publicado e o real. Hai unha perda de credibilidade que non se pode soste durante catro anos. O que temos que seguir facendo é ter a nosa propia política de comunicación, a nosa axenda. Nós temos que contraatacar cos temas dos que nós queremos que se fale e, novamente, ir máis alá na comunicación. Falar cos veciños directamente, e as redes sociais eliminan a intermediación e permiten que levas a cabo a túa comunicación.

**MN:** creo que é do que máis aprendín estes anos, sobre política de comunicación. Houbo un cambio do rol cidadán. Antes había un rol máis pasivo que recibía información dos medios tradicionais, que non interactuaba. En determinados segmentos da poboación, como os máis novos e os de mediana idade, iso foi mudando a un rol máis crítico respecto da información que reciben dos medios tradicionais, a un

**“Vemos a oportunidade de rachar o monopolio da influencia na opinión pública”**

*Xulio Ferreiro*

rol que interacciona máis nas redes sociais e noutras canles de información e noutros formatos. Iso explica, en parte, o feito de que tanto na Coruña como en Santiago esteamos gobernando candidaturas cidadás cun hábitat mediático tradicional moi adverso. Outra cousa é o tempo de exposición. Algo, para funcionar, necesita de moito tempo de exposición, necesita un candidato referenciado, necesita un programa completo. Nos casos das candidaturas cidadás non. O hábitat é tan adverso que tes posibilidade de trunfo se o tempo de exposición é máis curto, e iso permite, non ter o desgaste do que un discurso tradicional e mediático permanente. O caso de Compostela foi un exemplo. Hai un hábitat máis adverso nos medios tradicionais. Na prensa en papel, con casos que case traspasan os límites da difamación, da falta de respecto, da carga contra o institucional. Logo está a potencialidade das redes sociais, onde interactuamos ofrecendo un discurso alternativo e tamén a posibilidade de traballar en redes. Non só a través das redes sociais, senón dos teléfonos tamén,



*Ferreiro e Noriega pertencen ás candidaturas cidadás que conquistaron alcaldías no 2015*

empregando o Telegram, a través dos vídeos, do YouTube, é todo un universo que ten pros e contras. Compensa mais non chega a todos os sectores, a todos os segmentos. Logo temos a prensa do bar, os que van ao bar e xeran opinión. É curioso o enfoque da prensa tradicional: entran no pequeno detalle, na anécdota, na culpabilización de calquera erro de xestión sen exercicio previo de memoria. Toda a culpa é dos que chegaron. Contra iso é complicado loitar. Logo tamén tes esperanza en que a xente é cada vez menos influenciábel polos medios tradicionais, peneira máis a sobreinformación.

Os medios tradicionais tamén o teñen que analizar e sopesar até onde apertan o acelerador na defensa do *statu quo*. Logo está a cuestión da publicidade institucional, falémolo claramente, do que foi o apoio con cartos públicos para mercar liñas editoriais. Aquí, en Santiago, cando chegamos o orzamento para publicidade institucional, que era de medio millón de euros, en maio estaba esgotado. E eran dous ou tres medios os que se repartían a meirande parte dos cartos. E, a maiores, había publicidade institucional en todos os sitios. Se no contrato do lixo había unha partida para divulgación dos valores medioambientais, toda esa partida estaba esgotada con publicidade institucional. Deben reconducirse as relacións cos medios

con pago de fondos públicos? Incluso teño dúbidas de que cohabitando ese espazo houbera un trato minimamente equidistante.

**— Non obstante, as redes móvense en círculos próximos, moi pequenos, moi afeitos...**

**XF:** para min, cinco mil persoas están ben. Para Obama será pouco, pero para min...

**MN:** no caso das redes sociais, eu creo que de todos os representantes públicos ou políticos galegos, despois de Beiras, Xulio é en [Twitter](#) a segunda persoa que máis impacto ten, e [eu](#) son a terceira. E en Facebook, que eu levo traballando máis, teño ao mellor... Iso permítete,

para unha cidade como A Coruña que ten douscentos cincuenta mil habitantes, ou Santiago, con cen mil, un impacto importante. De feito, moitas veces condicinas a axenda mediática a través das redes sociais. A min atácaseme desde os medios tradicionais chamándome o “alcalde 2.0”, e ninguén entende por que me chaman iso. Os señores nas tabernas din “por que xogas sempre na casa e gañas dous cero?”. E outros preguntanme “e como é que te chaman alcalde dous punto ‘o’?” É que están moi desnortados os medios tradicionais ás veces en determinadas polémicas, porque logo

**“Tentamos recuperar o relato, que ten que ser en código aberto, coparticipado”**

*Martiño Noriega*



Xulio Ferreiro

van a un *target* de público que non manexa as redes sociais. E a xente non o entende. E nesa mestura, entre o novo que non acaba de nacer e o vello que se resiste a morrer, emerxen monstros.

**— Vostede insiste, falando de comunicación participativa, en recuperar un “relato” de cidade. A que se refire con isto?**

**MN:** Santiago tivo un relato de cidade, construíu un relato de cidade noutros tempos, con outros mecanismos, partillado, no que todo o mundo se sentía dalgunha maneira interpe-lado, pero nos últimos dez ou quince anos foi decaendo ata perderse. E atópase unha cidade que non ten relato, non ten identidade. E estamos intentando recuperar o relato. E o relato ten que ser en código aberto, o relato ten que ser coparticipado en base a unha cuestión que é básica na participación, que é a utilidade. A xente non participa por deporte, a xente bastante ten intentando sobrevivir e a maiores pídeslle que participe no goberno en común. Ten que ser útil a participación, senón non se retroalimenta.

### **CIDADES REBELDES, CIDADES REFUXIO**

*Na recente crise dos refuxiados, moitas cidades de Europa organizáronse para dar asilo e cumprir coas cartas internacionais*

*dos Dereitos Humanos. No estado español, as chamadas “cidades rebeldes” impulsaron a formación dunha rede de “cidades refuxio” da que fan parte tanto Santiago, como Coruña. A Unión Europea externalizou en Turquía os aspectos máis impopulares da súa política fronteiriza. A crise dos refuxiados formúlalles un reto ás cidades do cambio, e, a súa vez, reabre o debate da extensión e cumprimento dos Dereitos Humanos en relación con capas máis amplas de poboación excluídas, non só refuxiados políticos.*

**— Como é posible xestionar desde as cidades rebeldes, desde as cidades refuxio, este drama humanitario?**

**XF:** aínda estiven a semana pasada en Barcelona, compartindo experiencias con concellos de toda Europa e eu creo que os fíos condutores das políticas eran comúns, desde Leipzig ata A Coruña. Poñer ao concello como intermediador de toda a estrutura da cidade, desde asociacións, entidades públicas e privadas, incluso empresas que se prestan a axudar... coordinar todo iso, preparar o camiño e agardar a que chegue a xente. E aí pedir a colaboración e a responsabilidade a nivel europeo. É dicir, deixade de tratar a política de fronteiras como Estado-fortaleza e, realmente, empezar a xestionar fluxo de persoas, que é o que debería facer, en fin, unha política común de control de fronteiras. E que os Estados asuman xa o que dixeron que ían asumir, que asuman xa

**“É hipócrita falar de asistencia sanitaria aos refuxiados, cando lla negamos aos que viven nas cidades”**

*Xulio Ferreiro*

as súas cotas e se poden axudar a financiar a súa estadia no territorio, pois mellor. E despois os concellos, as cidades que son as que recibimos a xente, estar preparadas para recibir á xente e darlle un apoio integrado. Apoio que creo que non debe estar tan baseado na excepcionalidade. Desde unha perspectiva dos dereitos que teñen todas aquelas persoas que chegan á cidade, sexan migrantes por razóns económicas, sexan refuxiados ou sexan os veciños e veciñas de toda a vida. O outro día dicía en Barcelona que me parece hipócrita estar falando da asistencia sanitaria aos refuxiados cando lles estamos negando a asistencia sanitaria á xente que vive nas nosas cidades desde hai tempo. En que momento non teñen dereitos esta xente que vive entre nós, e son os nosos veciños e veciñas, á que o Estado lles está

dicindo que non teñen dereito ao servizo sanitario?, por exemplo. Se nos baseamos na perspectiva dos dereitos, efectivamente, haberá que paliar unha situación excepcional da avalancha nun momento dado, pero despois hai que ter unha perspectiva dos dereitos. A cidade, ao fin, é o campo onde eses dereitos se xogan e se encarnan en persoas concretas. Pois aí temos que xogar.

**MN:** si, hai dous roles que xogamos e un drama que vivimos. O rol da sensibilización, de dicir “aquí hai cidades que representan a moitos habitantes, que están dispostas a ser acolledoras”, que é necesario que o sexan porque non pode haber unha Europa excluínte que xere conflitos no mapa mundo e que logo non asuma as consecuencias deses conflitos, e que incluso, ao final, acabe contrahando a Estados para que lle fagan o traballo sucio. Esa mensaxe mandámola, que é a mensaxe da sensibilización. E logo a mensaxe práctica de “vamos a buscar recursos para recibir a esta xente”. No caso de Santiago houbo unha resposta espectacular, dende colexios profesionais, recursos habitacionais, colectivos e particulares, entidades... E

logo está o drama: non chegaron refuxiados. Sensibilizamos, preparamos a casa e non chegou ninguén porque as decisións adoptáronse nunha Europa a través dun pacto vergoñento entre Estados que non atende o drama humanitario da situación. Hai que seguir tecendo rede e estar preparados por se nalgún momento iso cambia... pero pasa o mesmo que coas competencias da administración local. Hai que ir ao cume da pirámide, e hai que cambiar as políticas. E aí Europa ten un grave problema. Vivenciouse na crise, vivenciouse co tratamento das débedas bancarias, co tratamento dos Estados do Sur, co feito da precarización da vida nos Estados do Sur e a coartada da crise para precarizar e provocar dalgunha maneira as valoracións internas das condicións de vida en base á competitividade, que acabou degradando as conquistas sociais. E evidencia tamén en como recibe a xente que é expulsada

de conflitos nos que Europa, canto menos, coparticipa. E calquera tipo de resposta que se dá, en Grecia co tema da débeda, cos gobernos alternativos humillados, está por ver que pasa en Portugal e no Estado español... E logo hai un deterioro do discurso da fronteira única e hai un levantamento de muros. Ou cambiamos iso ou podemos ser as cidades máis solidarias que, verdadeiramente,... Ese é o drama, non? E logo hai unha cuestión que tamén Xulio tocaba... que falabamos dos refuxiados pero resulta que non hai para os irregulares ou para os inmigrantes e temos un sistema sanitario público que nestes últimos anos acortou as súas prestacións ata excluír a moitas das persoas que habitaban aquí e non tiñan regularizada a súa situación. No fondo é unha situación profundamente hipócrita. Eu xa o digo por deformación médica. Antes falabamos das

pragas exipcias, volverán con retorno. E dígoo desde un punto de vista de saúde pública. Como non practiques saúde pública, como non practiques prestación de dereitos, o que non pode facer a xustiza social vaino facer a bioloxía. Isto é o que non sabe esta Europa economicista.

Nós agora estamos co debate, e aproveito aquí para dicilo porque é un debate que non está moi solicitado, da renda municipal, da ordenanza de exclusión, non? Intentando afrontar as cuestións dos sen-teito, intentando afrontar a cuestión dos irregulares. Teñen dereito? Están na cidade? Si. Teñen problema de sen-teito, problemas de exclusión? Si. E se non teñen dereito, vas solucionar o problema, vas afrontalo integralmente? Dicindo que non existe, mirando para o outro lado? É que pode ser un efecto chamada, din. Ou sexa, a sanidade pública universal é un efecto chamada, se están aquí vivindo? E se non abordas o problema, en que se pode converter? Pois o mesmo pasa tamén nos dereitos que poidan ter á hora de ter un recurso habitacional, unha renda mínima... Claro, é que é a cuestión de ata onde temos as fronteiras mentais e ata onde implica a acción que poidamos pór en marcha.

**“Valorar as condicións de vida en base á competitividade degradou as conquistas sociais”**

*Martiño Noriega*

### NOTAS BIOGRÁFICAS

**Antón Fernández de Rota** é doutor en Antropoloxía Social, profesor de Socioloxía no CESUGA da Coruña e investigador no GRECS da Universitat de Barcelona. Ten publicado sobre movementos sociais e a gubernamentalidade. Entre outros títulos, é autor do libro *Ciudad e historia: la temporalidad de un espacio vivido y construido* (2008).

Contacto: anton.de.rota@gmail.com

**Marcelo Martínez Hermida** é doutor en Ciencias da Comunicación, profesor no departamento de Ciencias da Comunicación da USC e coordinador do grupo de investigación CIDACOM. É director da [RICD](#) e ten publicado sobre cidade e sobre comunicación comunitaria. Entre outros, coordinou o libro *Ciudad y Comunicación*, publicado por Fragua en 2010.

Contacto: marcelo.martinez.hermida@gmail.com